

Convenio Hostalaría Pontevedra

CCOO IMPULSAMOS AVANCES

A xuntanza do 8 de xullo foi breve pero deixou avances relevantes.

● Na anterior reunión **CCOO** sostivemos a proposta dun 8 % de incremento en dous anos, que **finalmente foi asumida** pola CIG tras rectificar a súa postura anterior.

 Pola súa parte, a **patronal** mantén unha posición restritiva:

- Ofrece **un incremento máximo do 6,5 %** en dous anos
- Contratos fixos-descontínuos: un **mínimo do 50 %** do tempo de apertura en establecementos de tempada, **mantendo os 5 meses** para os que abren todo o ano.

 Desde **CCOO**, coa vontade de seguir avanzando cara ao acordo, formulamos **unha proposta revisada** e equilibrada, asumida tamén por UGT:

PROPOSTA ECONÓMICA:

 Incremento do **7,2 %** en dous anos

 **Camareiras de pisos** → Nivel salarial 8:

-  A partir do 1/01/2026: complemento de 40 €
-  A partir do 1/01/2027: incremento de 47 € nese complemento
-  A partir do 1/01/2028: paso definitivo ao nivel 8

AXUDANTES E AUXILIARES:

Ascenso automático á categoría superior aos dous anos, sempre que se demostren os coñecementos necesarios.

CONTRATOS FIXOS-DESCONTINUOS:

Manter o mínimo do 70 % do período de apertura nos contratos de establecementos de tempada.

● Esta proposta **foi ratificada por UGT**, reforzando o consenso sindical.

 A patronal comprometeuse a **valorar con detalle as propostas** e a dar resposta na próxima reunión, fixada para o día **21 de xullo ás 16:30 h.**

 Desde **CCOO** seguiremos **impulsando o diálogo** e **defendendo melloras reais** para as traballadoras e traballadores da hostalaría na provincia de Pontevedra.

10.07.2025

O poder de cambiar as cousas


servizos